

Xosé Manuel Portela Fernández, Presidente do Comité de Empresa

## COMUNÍCALLE

Que na reunión realizada o día 28 de setembro de 2011, o Comité de Empresa de Persoal Laboral, despois das asembleas realizadas en Ferrol e Coruña, acorda por unanimidade dos presentes non asistir a máis reunións da Comisión Negociadora do IV Convenio Colectivo mentres non se remita a este Comité, para o seu preceptivo informe, a RPT de persoal laboral.

Non entendemos como, a pesar de que no Plan de Sustentabilidade que a Universidade ven invocando para non ser transmitida a dita RPT, establece literalmente:

### PLAN DE FINANCIAMENTO DO SUG 2011-2015

#### DECÁLOGO DE MEDIDAS DE RACIONALIZACIÓN PARA O SUG

Nº	DESCRIPCIÓN DA MEDIDA
1	<b>Medidas de racionalización de persoal e alumnado (horizonte 2015)</b>
1.1	Determinación da plantilla teórica de profesorado (número, tipo) ao remate do período de adaptación de novas titulacións (2015)

Na práctica totalidade dos Consellos de Goberno créanse prazas dese colectivo cousa que incide directamente no orzamento mentres que os compromisos adquiridos co persoal laboral no Convenio Colectivo e nos propios Estatutos da Universidade son adiados de xeito indefinido.

Vémonos na obriga de realizar esta medida porque, ademais de non ser transmitida a RPT a Universidade négase a ir avanzando na negociación da aplicación posterior da que no Convenio Colectivo figura, desde o ano 2005, como Transitoria segunda.

Atentamente

A Coruña, 04 de novembro de 2011

  
Asdo.: Xosé Manuel Portela Fernández

**SEÑORA XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**